

---

## Notas sobre a derivación regresiva no galego medieval

---

Xoán López-Viñas  
Universidade da Coruña. Grupo ILLA

Data de recepción: 29/10/2018 | Data de aceptación: 07/12/2018

### Resumo:

Este artigo explora o fenómeno da derivación regresiva con base no *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*, cuxo corpus textual está conformado por unha selección representativa de diversas obras do galego literario medieval. Así, no traballo, tras realizar unha breve caracterización teórica deste mecanismo de formación de palabras cos problemas de identidade gramatical que leva consigo dentro da afixación, debruzámonos sobre o estudo da produtividade das palabras derivadas regresivas no galego medieval.

### Palabras chave:

formación de palabras; afixación; derivación regresiva; sufixo; galego medieval.

### Sumario:

1. Introducción. 2. Caracterización xeral da derivación regresiva. 3. A derivación regresiva no galego medieval. 4. Consideracións finais.

### *Notes on back-formation in medieval Galician*

#### **Abstract:**

*This article examines the phenomenon of back-formation (also known as regressive derivation), based on the Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval (Dictionary of Affixes and Affixed Words in Medieval Galician). The corpus comprises a representative sample of texts drawn from a diverse selection of works in literary medieval Galician. The first part of the study offers a brief theoretical description of the mechanism of back-formation and the problems of grammatical identity affecting the words created as a result, before continuing with an analysis of the productivity of back-formations in medieval Galician.*

**Keywords:**

*word-formation; affixation; back-formation; suffix; medieval Galician.*

**Contents:**

*1. Introduction. 2. Main features of back-formation. 3. Back-formations in medieval Galician. 4. Final reflexions.*

## 1. Introducción

Un dos mecanismos de formación de palabras máis produtivo para ampliar a masa lexical galega é por medio da afixación, como se leva afirmado nos diversos manuais que abordan tematicamente esta cuestión (Freixeiro 1999, Ferreiro 2001) e como demostramos en traballos anteriores relativos ao galego medieval (López Viñas 2007, 2009 & 2012). Por outra parte, tamén sinalamos (López Viñas 2012) que na nosa lingua conviven dous sistemas de formación de palabras, o latino e o romance –a pesar de ambos formaren parte dun *continuum* lingüístico–; esta cuestión é de vital importancia por presentar repercusións na produtividade, de aí que unicamente cumpra estudar este proceso en cada sistema (latino ou romance) e que só nos cinxamos neste traballo ás formacións derivadas romances.

Neste artigo pretendemos realizar unha breve aproximación ao fenómeno da derivación regresiva con base no *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*, cuxo corpus textual está conformado por unha selección representativa de diversas obras do galego literario medieval. Así, en primeiro lugar imos realizar unha mínima caracterización teórica da prefixación coa finalidade de expor as diversas consideracións sobre o estatuto gramatical deste mecanismo de formación de palabras e o noso posicionamento ao respecto.

Este procedemento de formación de palabras denominado como derivación regresiva, sufixación cero ou derivación posverbal consiste na combinación de morfemas léxicos e derivativos e non consta aínda dun estudo pormenorizado. A categorización deste fenómeno como proceso para entre un tipo de derivación diferenciado da sufixación e a consideración como mecanismo de afixación propio. Porén, a existencia dunha vogal como posíbel afixo derivativo que non aumenta fonoloxicamente a palabra, mais que a reduce, así como a produtividade do fenómeno, aconsellan un tratamento particular.

No tocante ao corpus, para efectuarmos a análise deste mecanismo partiremos dos datos contidos no *Diccionario de afixos e voces afixadas do galego medieval* (López Viñas 2015) –en adiante DAVAGAME–, que conforma o primeiro repertorio lexical, contextualizado mediante corpus e centrado na sincronía medieval galega, sobre este tipo de morfemas derivativos e os seus correspondentes termos afixados. Desta maneira, o corpus textual en asenta este estudo, conforme o DAVAGAME, está conformado por toda a produción lírica trobadoresca e por unha selección representativa da prosa literaria, historiográfica e notarial do galego medieval, isto é, inclúense tanto textos trobadorescos de poesía como textos (pos)trobadorescos prosísticos elaborados en territorio galego. Por tanto, as oito obras para analizarmos a derivación regresiva no estadio antigo da nosa

lingua, xunto coas respectivas edicións que consideramos máis fiábeis, son as seguintes:

1. *Arte de Trovar (AT)*, segundo a edición de Tavani (2002).
2. *Lírica profana (LP)*, a nosa basearmos na *vulgata* de Brea (1996).
3. *Cantigas de Santa María (CSM)*, a nos apoiarmos na última edición crítica en tres volumes de Mettmann (1986-1988-1989)<sup>1</sup>.
4. *Crónica Troiana (CT)*, a partir da lectura de Lorenzo (1986).
5. *Livro de Tristan (LT)*, conforme a edición dos fragmentos conservados editados por Lorenzo Gradín & Souto Cabo (2001)<sup>2</sup>.
6. *Miragres de Santiago (MS)*, con base na edición que fixa Pensado (1985).
7. *Crónica de Santa María de Iria (CSMI)*, a partir da “Primeira lectura” da edición de Souto Cabo (1986).
8. *História do Galego-Portugués (HGP)*, a nos delimitarmos aos textos tabeliónicos producidos entre os séculos XIII e XV e circunscritos ao territorio galego recompilados en Maia (1996).

## 2. Caracterización xeral da derivación regresiva

A derivación regresiva é o mecanismo afixal que consiste na formación de substantivos a partir de verbos. Concirne, por tanto, ao ámbito da nominalización deverbal, mais, en lugar de producir un aumento no corpo formal da base, como normalmente acontece coa sufixación, provoca un efecto de encurtamento fonolóxico ao cal se acrecenta unicamente unha vogal á raíz verbal. Desta maneira, desaparecen os MMT e MNP, os cales son substituídos por unha vogal <-a, -e, -o><sup>3</sup>, amálgama de VT e de sufixo nocional<sup>4</sup>:

- 
- 1 Partimos desta edición, e non da de 1972 en catro volumes, por ser a última revisada polo autor e na cal se corrixen varias lecturas do manuscrito.
  - 2 Con todo, nun futuro mudaremos esta edición pola contida no *Corpus de Textos Antigos de Galicia (COTAGAL)*, tal e como indican Pichel & Varela Barreiro (2017), en que corrixen erros de lectura e ofrecen unha nova proposta cronolóxica e diatópica.
  - 3 Almela Pérez (1999: 201) tamén inclúe un cuarto tipo de derivado regresivo, con terminación <-o> (*desliz < deslizar; perdonar < perdón*), mais non o consideramos.
  - 4 Outros autores cuestionan de que forma se parte como punto de partida: do infinitivo, da P3<sub>sing.</sub> do presente do Indicativo ou doutra? (Almela Pérez 1999: 201).

| Regresividade en <-a> | Regresividade en <-e> | Regresividade en <-o> |
|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| <i>axuda</i>          | <i>combate</i>        | <i>abrazo</i>         |

**Tabela 1.** Cadro de clasificación dos derivados regresivos en galego

Como se observa, este procedemento mostra coincidencias evidentes entre flexión e derivación, debido a que os morfemas implicados son os que habitualmente se empregan como marcas de xénero ou de paradigma verbal. Por este motivo, Rio-Torto (2013: 235) considera nestes derivados deberbais non sufixados “ao radical já converso anexa-se um marcador de classe *-a*, *-e* ou *-o*”, coa función de integrar os produtos resultantes na categoría nominal, de igual modo que a vogal temática de clase dos nomes substantivos. Así mesmo, para esta autora “uma vez que a vogal temática da base não se mantém no produto, a base verbal destes produtos é o radical” (Rio-Torto 2013: 236).

Canto á selección dun morfema específico *-a*, *-e* ou *-o*, esta parece resultar arbitraria, sen que exista aparentemente ningún tipo de condicionamento morfofonolóxico ou semántico, e pode ter como palabra base un verbo de calquera das tres conxugacións. Con todo, como indica Freixeiro Mato (1999: 247), “as formacións en *-a* resultan produtivas nas tres conxugacións, aínda que máis na primeira”, así como as de *-o*. En troca, as de *-e* practicamente parecen só cinxirse á primeira conxugación (Freixeiro 1999: 247), se ben que Rio-Torto presenta resultados normais para as tres.

|                                |                                  |                                  |
|--------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|
| <i>pelexar</i> → <i>pelexa</i> | <i>chocar</i> → <i>choque</i>    | <i>asubiar</i> → <i>asubío</i>   |
| <i>perder</i> → <i>perda</i>   | <i>combater</i> → <i>combate</i> | <i>socorrer</i> → <i>socorro</i> |
| <i>subir</i> → <i>suba</i>     | <i>curtir</i> → <i>curte</i>     | <i>repartir</i> → <i>reparto</i> |

Así mesmo, os verbos en *-ear* tamén producen derivados regresivo en *-o* “co mesmo valor iterativo das bases”<sup>5</sup> (*abanear* → *abaneo*). E, alén disto, algúns verbos poden presentar máis de unha derivación regresiva: *trocar* > *troca/troco*; *derribar* > *derriba/derribo*.

Noutra orde de cousas, por veces, resulta difícil discernir se é o substantivo o que deriva do verbo ou viceversa. Cómpre termos en conta, entón, que o substantivo deverbal indica unha acción (ou o efecto dunha acción) expresada polo verbo, en canto os substantivos base sinalan un obxecto ou unha esencia (López Viñas, Lourenço Mória & Moreda Leirado 2011: 207). Alén disto, “es el estudioso de la lingüística diacrónica el que, basándose en criterios históricos o en la fecha de

5 Cfr. Lang (1990: 148), que fala do sufixo *-eo*.

documentación respectiva de las dos formaciones, propone hablar de derivación regresiva para aquellos casos en que la palabra afijada aparece registrada antes” (Pena 1994: 59). Non obstante, non sempre se pode resolver esta cuestión acudindo á historia da lingua.

*saltar* > *salto* ‘acto e/ou efecto de saltar’  
*cociña* ‘electrodoméstico’ > *cociñar*

Unha interpretación interesante da derivación regresiva é a proposta por Alonso Núñez (2008: 347), que considera que a derivación regresiva –*subtracción*, segundo el– constitúe un “proceso supletorio para llenar lagunas en las series derivativas. Así, por exemplo, la palabra *queimar* ‘quemar’ carece de base de derivación y a partir de ella se crea, por resta de elementos, *queima* ‘quema’. Pero esta es una interpretación histórica”.

Relativamente á estrutura morfolóxica da base, esta pode ser simple (*pelexar* → *pelexa*), derivada por prefixación (*esforzar* → *esforzo*), derivada por sufixación (*pestanexar* → *pestanexo*) e derivada por parasíntese (*desterrar* → *desterro*). A este respecto, cómpre salientar que as bases parasintéticas bloqueadas son as de *-ecer*, *-ificar* e *-izar* (Pena 1980: 204), nomeadamente de formación culta. Por outra parte, a nivel morfofonolóxico, a base do derivado regresivo debe ser, no mínimo, bisilábica, pois non opera con verbos monosilábicos.

No referido ao significado do produto resultante, a maior parte dos derivados regresivos posúen a acepción ‘acto e/ou efecto de’, competindo con numerosos substantivos deverbais derivados por sufixación, para alén das acepcións secundarias de ‘axente’, ‘locativo’, ‘obxecto’ etc.

Á vista do exposto, a derivación regresiva complica, consecuentemente, o sistema nominalizador deverbal, xa que non soamente compiten cada un dos sufixos entre si, senón que ademais coexisten xunto co derivado regresivo. Estabelécese, así, entre os derivados resultantes da regresión e os resultantes da sufixación unha rivalidade ou competitividade que se pode traducir nos seguintes contextos:

- a) Substitución dos vocábulos sufixados: med. *desputaçõ* → *disputa*.
- b) Coexistencia do regresivo co sufixado con igual significado: *mareamento* / *mareo*.
- c) Coexistencia do regresivo co sufixado de diferente sentido: *recibimento* / *recibo*.
- d) Inexistencia de contraste do regresivo cun sufixado: *axuda*.

A derivación regresiva é un mecanismo afixal altamente produtivo, xa desde os inicios do noso idioma, como veremos, mais en tendente crecemento segundo pasan os séculos, para alén de ser unha das fontes de creación de neoloxismos na actualidade (Freixeiro Mato 1999: 246). Entre as razóns que poden explicar este avance, Almela Pérez (1999: 200) indica a tendencia á comodidade, “manteniendo el mismo sentido que el lema sufiado”, e a necesidade de expresar dous sentidos diversos con dous significantes diferentes.

Pola súa parte, para Lang (1990: 196), máis ben parece que se debe a algún tipo de estratexia fonosimbólica, en virtude da cal sufixos tradicionais como *-mento*, *-dura* ou *-ción*, perfectamente posibles, son rexeitados a favor da nominalización mediante unha única vogal, dando lugar a un derivado moito máis simple, eufónico e estilístico (Freixeiro Mato 1999: 248). Os motivos aducidos por Scalise (1984: 204) para explicar o aumento da derivación regresiva en italiano, principalmente aqueles que fan referencia ao feito de que impide a acumulación indebida de sufixos en derivados iterativos dominados por *-ificare* e *-izzare*, non son válidos para o galego, que precisamente nestes casos rexeita a derivación regresiva.

Finalmente, poden alegarse tamén causas estilísticas que motivan a súa adopción, debidas ao seu carácter neutral por oposición ao repertorio estándar de sufixos, cuxos constituíntes individuais adoitan estar marcados como “cultos” ou “populares”<sup>6</sup>. Así mesmo, debe realizarse a ductilidade no uso deste tipo de afixación fronte á sufixación.

### 3. A derivación regresiva no galego medieval

O estudo da afixación no galego medieval demostra ou confirma a presenza e rendibilidade deste mecanismo de formación de palabras. A derivación regresiva, contra a teoría de que se trata dun mecanismo de formación de palabras que forma neoloxismos, ten unha grande presenza desde os inicios da lingua galega e xa era habitual na lingua latina.


A derivación regresiva máis produtiva no corpus do DAVAGAME é aquela que se realiza mediante o morfema *-a*, seguida da de *-o*. Nun lugar discreto, temos a regresividade en *-e*, mais cínxese unicamente a unhas decenas de casos.

Os regresivos en *-a* –evidentemente todos con xénero feminino– proceden fundamentalmente de verbos da primeira conxugación, mais tamén temos

---

6 Para analizar as distintas hipóteses que se barallan no intento de explicación do desenvolvemento da derivación regresiva, consúltase Bauer (1983: 231-232).

dúas representacións de verbos da segunda (*perda* < perder e *venda* < vender). Practicamente non existen restricións a respecto da base para se formar un regresivo en *-a*, salvo cando estas finalizan en *-ecer*, *-ificar* e *-izar*, que como xa indicamos exclúen este tipo de afixación.



**Gráfica 1.** Ocorrencias de regresivos en <-a> no corpus

O número de bases con que opera o regresivo en *-a* cifrase en 41 bases diferentes, na súa grande maioría verbos transitivos, de modo que conforma o derivado regresivo máis produtivo.

|                                      |                               |
|--------------------------------------|-------------------------------|
| <i>ajuda</i> (< ajudar)              | <i>honra</i> (< honrar)       |
| <i>ascoita</i> (< escoitar)          | <i>jura</i> (< jurar)         |
| <i>barata</i> (< baratar)            | <i>justa</i> (< justar)       |
| <i>carrega</i> (< carregar)          | <i>leva</i> (< levar)         |
| <i>chufa</i> (< chufar)              | <i>manda</i> (< mandar)       |
| <i>coita</i> (< custar)              | <i>mingua</i> (< mingoar)     |
| <i>compra</i> (< comprar)            | <i>mostra</i> (< mostrar)     |
| <i>contenda</i> (< contender)        | <i>paga</i> (< pagar)         |
| <i>custa</i> (< custar)              | <i>peleja</i> (< pelear)      |
| <i>demanda</i> (< demandar)          | <i>perlonga</i> (< perlongar) |
| <i>demora</i> (< demorar)            | <i>prova</i> (< probar)       |
| <i>desaventura</i> (< desaventurar)  | <i>quita</i> (< quitar)       |
| <i>dulta</i> (< dultar < DUBĪTĀRE)   | <i>reza</i> (< rezar)         |
| <i>duvida</i> (< duvidar < DUBĪTĀRE) | <i>salva</i> (< salvar)       |
| <i>emenda</i> (< emendar)            | <i>seca</i> (< secar)         |




*encomenda* (< encomendar)*erra* (< errar)*fala* (< falar)*finda* (< findar)*folga* (< folgar)*guarda* (< guardar)*sospeita* (< sospeitar)*talha* (< talhar)*troba* (< trobar)*venda* (< vender)*volta* (< voltar)

A derivación regresiva en *-a* crea xenericamente nomes de acción ('acto e/ou efecto de'), debido ao carácter verbal das bases. Por tanto, o *-a* regresivo vai alternar e competir con outros sufixos de acción (*-çon*, *-mento*, *-ña*, *-dura*, *-ado/a*); algunhas destas formacións corradicais ou isorradicais con que rivalizan acabarán sendo substituídas modernamente por este derivado regresivo en avance: *desputaçõ* > *disputa*... Noutros casos perdeu dispoñibilidade o derivado regresivo: *jura/juramento*, *manda/mandado*...

Alén disto, poden aparecer "dobretes" cos regresivo en *-o* con que tamén vai rivalizar, como vemos en *erra/erro*, *talha/talho*.

No que atinxe aos regresivos en *-e*, con xénero inherente masculino, unicamente rexistramos tres formacións substantivas con orixe deverbal: *baile*, *desconorte* e *recoste*. A vogal *-e* adhiñese a partir da elisión da vogal temática do verbo e achegan o sentido 'resultativo' nos dous primeiros exemplos ou 'locativo' no último. Proceden, como se observa, da primeira conxugación e concéntranse todos no século XIII coas *Cantigas de Santa María*.




**Gráfica 2.** Ocorrencias de regresivos en <-e> no corpus

No corpus non compite con sufixos nocionais, mais encontramos alternancias con derivados regresivos en *-o* cos cales tamén vai rivalizar: *desconorte/desconorto*. Neste sentido, cómpre indicar que Malkiel (1945: 233) sinala que o prefixo *des-* favorece este tipo de derivados en *-e*.

En último lugar, os derivados regresivos en *-o*, masculinos canto ao xénero, tamén presentan unha alta produtividade na formación de substantivos deverbais de acción. En concreto, no corpus de galego medieval recolleemos 41 bases verbais da C1 diferentes a que se asocia o regresivo en *-o*.

|                                       |                                 |
|---------------------------------------|---------------------------------|
| <i>abrigo</i> (< abrigar)             | <i>encalço</i> (< encañar)      |
| <i>acordo</i> (< acordar)             | <i>engano</i> (< enganar)       |
| <i>acorro</i> (< acorrer)             | <i>erro</i> (< errar)           |
| <i>afaago</i> (< afaagar)             | <i>esforço</i> (< esforçar)     |
| <i>alcanço ~ acalço</i> (< a(l)cañar) | <i>espanto</i> (< espantar)     |
| <i>aparelho</i> (< aparelhar)         | <i>estorvo</i> (< estorvar)     |
| <i>assovio</i> (< assoviar)           | <i>folego</i> (<folegar)        |
| <i>braado</i> (< braadar)             | <i>grito</i> (< gritar)         |
| <i>cambio</i> (< cambiar)             | <i>mando</i> (< mandar)         |
| <i>castigo</i> (< castigar)           | <i>pago</i> (< pagar)           |
| <i>cheiro</i> (< cheirar)             | <i>posfaço</i> (< posfaçar)     |
| <i>choro</i> (< chorar)               | <i>quebranto</i> (< quebrantar) |
| <i>começo</i> (< comezar)             | <i>recado</i> (< ant. recadar)  |
| <i>conforto</i> (< confortar)         | <i>reguardo</i> (< reguardar)   |
| <i>cuido</i> (< cuidar)               | <i>remunho</i> (< remunhar)     |
| <i>deosto</i> (< deostar)             | <i>retalho</i> (< retalhar)     |
| <i>derribo</i> (< derribar)           | <i>rogo</i> (< rogar)           |
| <i>desbarato</i> (< desbaratar)       | <i>roubo</i> (< roubar)         |
| <i>desconorto</i> (< desconortar)     | <i>sospiro</i> (< sospirar)     |
| <i>embargo</i> (< embargar)           | <i>talho</i> (< talhar)         |
| <i>empeço</i> (< empeçar)             |                                 |



Gráfica 3. Ocorrencias de regresivos en -o no corpus

Finalmente, os regresivos en -o poden alternar tanto con -a (*erro/erra*) como con -e (*desconorto/desconorte*), de igual modo que cos sufixos nocionais -mento, -nça etc.

#### 4. Consideracións finais

Foi a nosa intención neste artigo analizarmos a derivación regresiva na etapa medieval, feito que nos permitiu rexistrar unha serie de transformacións e cambios no ámbito da formación de palabras. Así, alén de expor as diversas consideracións sobre o estatuto gramatical da derivación regresiva como mecanismo autónomo dentro da afixación, puidemos observar que, debido a factores de produtividade e da ocorrencia semántico-funcional de diversos afixos, estes concorren no período arcaico para expresar funcións e significados idénticos ou similares. Esta concorrencia sufixal móstrase especialmente entre os derivados regresivos e outros prefixos nominalizadores que designan ‘acción/e ou estado’. Neste sentido, cabe concluír que a competencia sufixal só é posíbel se estes afixos partillan os mesmos contextos semántico-funcionais.

Por outra parte, nesta confluencia afixal os regresivos e os sufixos presentan unha pugna que se traduce, segundo os casos e en liñas moi xerais, de diferente modo: a) substitución do derivado sufixado (nomeadamente de formación latina); b) coexistencia do derivado regresivo con outro ou outros sufixos (quer con significado idéntico ou diferenciado); c) creación exclusiva do derivado regresivo.

## Referencias bibliográficas

- AT= Tavani, Giuseppe (ed.) (2002) [1999]. *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Introdução, Edição crítica e Fac-símile. Lisboa: Edições Colibri.
- Almela Pérez, Rafael (1999). *Procedimientos de formación de palabras*. Barcelona: Ariel.
- Alonso Núñez, Aquilino Santiago (2008). “La sufijación verbal, la circunfijación verbal y la sufijación verbal homogénea en el habla gallega del ayuntamiento de Castrelo do Val (Ourense, España)”, *Quaderni di Semantica XXIX (54)*, 2, 343-392.
- Bauer, Laurie (1983). *English Word-formation*. Cambridge: University Press.
- CSM= Mettmann, Walter (ed.) (1986-1988-1989). *Cantigas de Santa María. I (Cantigas 1 a 100). II I (Cantigas 101 a 260). III I (Cantigas 261 a 427)*. Edición, introducción y notas de... Madrid: Clásicos Castalia.
- CSMI= Souto Cabo, José António (ed.) (1986) = Vasques, Rui: *Crónica de Santa Maria de Íria*. Estudo e edición de José António Souto Cabo. Santiago: Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago / Edicións do Castro.
- CT= Lorenzo, Ramón (ed.) (1985). *Crónica Troiana*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / RAG.
- Ferreiro, Manuel (2011) [1997]. *Gramática histórica da lingua galega. II. Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999). *Gramática da lingua galega. III. Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- HGP = Maia, Clarinda de Azevedo (1996). *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: Fundação Calouste Goulbenkian / JNICT.
- Lang, Mervyn F. (1990). *Spanish Word Formation. Productive derivational morphology in the modern lexis*. London: Routledge.
- López Viñas, Xoán (2007). “Sufijos nominais na lírica profana galego-portuguesa”. En García Hurtado, Manuel-Reyes (coord. & ed.), *El futuro de las Humanidades*, 23-29. A Coruña: s.e.
- López Viñas, Xoán (2009). “Sobre algúns sufixos e a súa rendibilidade na *Crónica Troiana*”. En Rei Doval, Gabriel (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*, 329-349. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC.
- López Viñas, Xoán (2012). *A formación de palabras no galego medieval: a afixación*. Tese de doutoramento inédita. A Coruña: Universidade da Coruña.

- López Viñas, Xoán (2015). *Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*. Monografía 8 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da UDC.
- López Viñas, Xoán & Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011<sup>2</sup>) [2010]. *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión* (A Coruña: Baía Edicións).
- LP = Brea, Mercedes (coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 vols. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- LT = Lorenzo Gradín, Pilar & Souto Cabo, José António (coord.) (2001). *Livro de Tristan e Livro de Merlin*. Estudio, edición, notas e glosario. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- MS = Pensado Tomé, José Luís (ed.) (1958). *Miragres de Santiago. Versión gallega del códice latino del siglo XII atribuido al papa Calisto I*. Anexo LXVIII da *Revista de Filología Española*. Madrid: CSIC.
- Pena, Jesús (1980). *La derivación verbal en español. Verbos derivados y sustantivos verbales*. Anexo 16 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Pena, Jesús (1994). “Formación de palabras. Sobre los procesos “conversión” y “sustracción”. En Alegría Alonso, Beatriz Garza, & Pascual, José A. (ed.), *II Encuentro de lingüistas y filólogos de España y México*, 49-61. Salamanca: Universidad.
- Pichel, Ricardo, & Varela Barreiro, Xavier (2017). “O fragmento galego-portugués do Livro de Tristam. Nova proposta cronolóxica e diatópica”. *Madrygal*, 20: 159-214.
- Rio-Torto, Graça (coord.) (2013). *Gramática derivacional do portugués*. Coimbra: Imprensa da Universidade de Coimbra.
- Scalise, Sergio (1984): *Morfologia Lessicale* (Padua: CLESP).